

Curso de inglés. Nivel B1

Organízanse 2 tipos de cursos, cursos cuatrimestrais e cursos intensivos:

TIPO: Cuatrimestral

DURACIÓN: 110 horas dividido en dous cuatrimestres de 55 horas de docencia cada un:

- 1º cuatrimestre (setembro-décembro) – B1.1
- 2º cuatrimestre (xaneiro-maio) – B1.2

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

EXAME: realízase exame de nivel ao finalizar o segundo cuatrimestre.

TIPO: Intensivo

DURACIÓN: 80 horas. Os cursos intensivos convócanse principalmente no período estival.

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra

EXAME: realízase exame de nivel á finalización do curso

Obxectivos

Adquirir coñecementos intermedios de lingua inglesa. Dirixido a persoas con coñecementos previos da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel B1 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar si tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer; cando sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe; cando é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal; e cando pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

Como acceder

O requisito para acceder ao curso de nivel B1 é que as/os solicitantes teñan coñecementos de inglés, que debe ser acreditado aportando un certificado de nivel A2 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos.

- Nivel Básico 2 da Escola Oficial de Idiomas
- Acreditación nivel A2 expedida polo Centro de Linguas
- KET Cambridge

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

Prezos por cuadrimestre

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

Prezos curso Intensivo

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 312 €

Público en xeral: 380 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.